


# Charlie e o grande ascensor de cristal



Título:  
Autor:  
Ilustrador:  
Editorial:  
Colección:  
Nº páxinas:  
ISBN:  
Idade:

Charlie e o grande ascensor de cristal  
Roald Dalh  
Quentin Blake  
Xerais  
Merlín  
216  
84-9782-278-1  
De 11 anos en diante

**XERAI**



# o autor

## Roald Dahl

Autor británico, fillo de noruegueses, nado en Gales en 1916.

Na Segunda Guerra Mundial incorporábase á Royal Air Force como piloto de combate, pero un accidente aéreo retiráao do servizo e facilítalle a dedicación á creación literaria.

Neste campo creará novelas e contos para adultos, guións cinematográficos e, sobre todo, obras para o público infantil que o converten nun dos escritores máis lidos no último século. Entre elas podemos citar *A marabillosa medicina de George*; *Danny, o campión do mundo*; *Iago e o pexego xigante*; *As bruxas*; *Charlie e o grande ascensor de cristal*; *Matilda*; *James y el melocotón gigante*; *El dedo mágico*; *¡Qué asco de bichos!*; *Los Mimpins*; *El gran gigante bonachón*; *El vicario que hablaba al revés*; *El rector de Nibbleswicke*; *El cocodrilo enorme*; *La jirafa, el pelicano y el zorro*; *Los cretinos*; *El Superzorro*; *Versos perversos*; *Cuentos en verso para niños perversos*; *Puchero de rimas*; *Mi año*; *Boy: relatos de infancia* e *Volando solo*.

Moita da súa obra é autobiográfica, non só as últimas obras citadas que teñen esa consideración, senón tamén as outras nas que vai deixando as pegadas daquilo que o marcou definitivamente como a orfandade de pai dende moi pequeno ou o seu paso polas escolas de férrea disciplina e mestres ou compañeiros crueis.

Dahl, considerado un dos escritores máis recoñecidos da literatura infantil do século XX, morreu o 23 de novembro de 1990.

# o ilustrador

## Quentin Blake

Quentin Blake (Kent, 1932) foi o artista que colaborou con maior frecuencia con Dahl, de maneira que, para moitos lectores, son inseparables os textos de Roald Dahl coas ilustracións de Quentin Blake.

Estudou en Cambridge. Foi director do Departamento de Ilustración do Royal College of Art.

Publicou máis de vinte e cinco libros. Recibiu dúas veces o Premio Nacional e o Premio The Children's Laureate, distinción que recoñece a súa traxectoria e contribución ao mundo da literatura infantil inglesa.


# o libro

É a segunda entrega da serie protagonizada por Charlie e o señor Willy Wonka, que comezara con *Charlie e a fábrica de chocolate*.

Nesta novela, Charlie, coa súa familia e o señor Wonka, utilizan un novidoso medio de transporte –un grande ascensor de cristal dotado dos medios técnicos máis avanzados– para chegar ata a fábrica das maravillosas lambetadas e facerse cargo da súa dirección. De repente, por mor dun fallo técnico, as cousas comezan a ir mal: o aparello elévase máis e máis ata entrar na órbita terrestre. Charlie e os seus acompañantes enfrontaranse a perigos e aventuras, nas que terán que defenderse de monstros do espazo ou viaxar a lugares anteriores á vida, nunha mestura de ciencia ficción e fantasía sen límites.


O humor, unha narración eficaz e económica, así como a tenrura para caracterizar un conxunto de personaxes adultos e infantís singularizan esta serie considerada como unha das xoias da historia da literatura infantil de todos os tempos, razón pola foi traducida a múltiples linguas.

# temas e valores




## Ser arriscados

Os personaxes desta serie composta polas novelas *Charlie e a fábrica de chocolate* e *Charlie e o grande ascensor de cristal* poden definirse como arriscados, xente disposta a correr riscos e, polo tanto, en disposición de que lles poidan pasar aventuras.




## Os malentendidos

Estados Unidos pensa que o ascensor de cristal que anda voando polo espazo é un obxecto inimigo disposto a sabotalos. Do mesmo xeito, podemos atoparnos con que as nosas percepcións non sempre son o que nos parece.



## Anticipación científica

Se tivesemos que colocar a novela dentro dun determinado xénero, a ciencia ficción podería ser un deles, pero seguramente tamén poderíamos vela como humorística, fantástica...



## O mal uso dos medicamentos...

...que se fai, nun momento determinado do relato poderíase relacionar coa educación para a saúde, así como tamén cos riscos de accidente, etc

# temas e valores



## Xente positiva e xente negativa

O señor Wonka sempre está vendo o lado bo de calquera situación, pero fronte a el, a avoa Georgina ponlle pegas a todo.



## Charlie, un neno, vaise convertendo en heroe ao longo do relato

Cada vez lle descubrimos máis valores. É atento e xeneroso cos seus avós, pensa nos demais...

# actividades

## Antes da lectura

---

- Observemos a presentación de personaxes ao principio da novela.
- A lectura desta entrega será moi diferente para aqueles que xa leron *Charlie e a fábrica de chocolate* que para aqueloutros que non o fixeron. Nun e noutro caso, debemos tentar que vaian adiantando o que esperan da lectura, que aventuras poden suceder, etc.
- Pódese realizar unha posta en común para compartir as actividades anteriores, pero tamén para realizar unha presentación dos personaxes (por parte daqueles que xa viran a película ou leran a primeira das novelas), ou do autor (por parte daqueles que vaian seguindo a súas obras). Realizar esta actividade na biblioteca, sacando os seus libros dos andeis e colocándoos sobre as mesas de xeito que todos os poidan ir mirando e tocando, pode resultar interesante.
- En cada un dos capítulos facemos un exercicio de anticipación, tendo en conta o título, e un de repaso, tentando poñerlle un novo nome unha vez finalizada a lectura.

## Ao longo da lectura

---

- «Hai tanto tempo e tan pouco que facer», di o señor Wonka trabucándose. Inventemos outras frases que nos fagan pensar, discutir se estamos de acordo ou non con esas, que nos resulten divertidas...
- Pensamos nos adxectivos cos que definiríamos ao señor Wonka.
- No comportamento de Wonka hai algúns detalles que poderían parecer absurdos. Busquémoslos.
- Cando o ascensor de cristal sube, poden ver como o seu barrio e a súa cidade convértense nun mapa. Imaxinemos a nosa casa dende o aire, o barrio, a escola... e fagamos un debuxo. Podemos visitar a páxina en internet: <http://sigpac.mapa.es/fega/visor/>. Nela poderemos observar a nosa vila ou cidade dende o aire.
- Van demasiado lonxe, entran en órbita, fican sen forza de gravidade, flotando, e sen osíxeno. Imaxinemos unha situación así e escribamos a historia que se nos ocorra.

# actividades

- O hotel espacial USA foi enviado ao espazo. Pensemos en que outras cousas se están enviando alí.
- Aparece citado o mago de Oz. É o momento axeitado para facerse co libro e recordar esa historia.
- Busquemos algúns detalles que nos resulten cómicos.
- Contestemos:
  - ¿Quen forma parte do gabinete de crise do presidente de Estados Unidos?
  - ¿A novela *Guerra e paz* foi escrita por Leon Tolstoy?
  - Cando o señor Wonka contesta ao control espacial de Houston, ¿teñen sentido as súas palabras?
  - ¿De quen é a idea de remolcar á Cápsula Conmutadora?
  - ¿Cres que o señor Wonka é tan vello coma os avós?
  - ¿Que fai erguer aos avós a cama?
- Debuxemos ao xefe das Forzas Armadas americanas.
- No planeta Vermes habitan os Knidos Vermiciosos. Tamén nós podemos crear novos planetas e novos indíxenas.
- De vez en cando cóntasenos algo en verso. Fagamos o mesmo relatando os últimos sucesos da aula.
- Esta novela ten algo de ciencia ficción e tamén algo de relato de humor. Falemos do que atopamos en relación a cada un destes xéneros.
- Ao longo da lectura iremos facéndonos unha idea cada vez máis clara da personalidade de cada un dos personaxes da novela. Describámoslos.
- O señor Wonka é un gran inventor con solucións para todo tipo de problemas. Presentémoslle algún novo para ver se lle atopa arranxo.
- Unha viaxe en ascensor polo espazo, ¡co doado que debía ser ir dende a casa de Charlie ata a fábrica de chocolate en calquera outro medio de transporte! ¿A que cremos que se debe ese empeño en facer as cousas difíciles?
- Nas páxinas 61 e 62 o señor Wonka parece inventar un novo idioma. Podemos empezar por traducilo ao noso; e podemos seguir inventando novos idiomas. Cada grupo fará un intento e logo elixiremos o mellor para realizar unha serie de rótulos que os compañeiros e compañeiras doutras clases tentarán descifrar.

# actividades

- Buscaremos os datos xeográficos que aparecen no texto e situarémolos nun mapa ou explicaremos onde é que están situados.
- A Casa Branca é a residencia do Goberno dos Estados Unidos. Localizaremos o nome das sedes do Goberno doutros países.
- Falar en verso, tal como fai o señor Wonka na páxina 70, pode lembrar as cancións dalgún grupo rapeiro ou as regueifas tradicionais. Probemos a regueifar con música entre os representantes de dous equipos en torno a un tema determinado.
- Observemos o poema que aparece na páxina 85. Vexamos a rima que ten e a medida dos seus versos. Unha vez coñecida a súa estrutura poderemos versificar con esa adaptándonos a esa estrofa. Seguro que o pasamos ben.
- Outra actividade pode ser buscar outros poemas na novela, descifrar a súa organización e xogar a crear novos poemas dentro dese esquema de estrofas.
- Podemos dividir a aula en varios grupos; cada dous han de enfrontarse nunha carreira áxil na busca de determinados datos do texto. Cada grupo redactará preguntas para o outro e responderá ás que este lle presente. Os interrogantes poden ser do tipo de: cinco nomes de lugares, cinco nomes de personaxes, cinco versos, cinco onomatopeas, cinco poemas, un par de receitas... ou ben, ¿cantos capítulos ten a novela?, ¿cantos astronautas aparecen nela?, ¿cantos vehículos espaciais?...
- ¿Que opinión nos merecen as probas nas investigacións do señor Wonka que realizan os oompa-loompa? Debatámolas.
- O Vita-Wonka parece un gran invento. Por cada pílula, vinte anos menos. Pensemos en alguén a quen lle proporcionaríamos unha desas pílulas e redactemos a aventura da que sería protagonista.
- A ambición dos vellos ante as pastillas rexuvenecedoras terá o castigo de ser convertidos en meniños e mesmo desaparecer. Isto pode levarnos a que leamos un fragmento do relato *A viaxe á semilla*, de Alejo Carpentier, ou a que escribamos a nosa historia «marcha atrás», contando como nos imos vendo cada vez con menos anos mentres lembramos o pasado.
- Nesta novela os versos teñen un papel moi especial; con calquera motivo se poñen a recitar ou a cantar. Nós tamén podemos entrar nesa actividade entusiasmada de converter a realidade nunha sucesión de poemas. Poñámonos man á obra.
- O señor Wonka sempre vai vendo a parte positiva de todo o que sucede. Busquemos datos que o demostren.

# actividades

- A avoa Georgina ten menos dous anos. Imaxinémonos con idade negativa e describamos a situación.
- Nas páxinas 158, 159, 160 e 161 atopamos un poema que nos dá consellos acerca de como usar as medicinas e os riscos que se poden correr cando se toman de maneira inaxeitada. Leámolo e escribamos un novo, facendo recomendacións acerca de como actuar ante outros riscos.
- O señor Wonka busca as cousas e os seres máis vellos do mundo para poder facer a receita que leve aos «menos» a «máis». Pensemos en animais moi vellos, vexetais... e escribamos a nosa propia receita.
- Realicemos un obradoiro de receitas marabillosas.
- Imaxinemos como será a persoa máis vella do mundo e realicémoslle unha entrevista para publicar no xornal.
- Menoslandia, o país onde están os seres antes de ser. O autor inventa lugares nos que posiblemente antes non pensáramos nunca. Agora podemos intentar facer nós o mesmo, creando outros lugares inimaxinables.
- Vita-Wonka para rexuvenecer e Wonka-Vita para facerse máis vello. Propoñamos problemas e resolvámolos, por medio de operacións, para ver cantas pímulas se deben tomar en cada caso. Podemos ir facéndoos cada vez máis difíciles, partindo do que aparece na páxina 192.
- Cando se trata de rexuvenecer, a avoa Georgina vai indo marcha atrás, pasando por acontecementos históricos. Xoguemos a iso, a percorrer o tempo cara atrás e de xeito que poidamos ir recoñecendo acontecementos históricos.
- O anterior pode servirnos para que falemos cos adultos que coñezamos e lles preguntemos que acontecementos históricos viviron.
- A vella rosmona e malencarada, a avoa Georgina, volve ser a mesma cando recupera a idade. ¿E se inventasemos algunha medicina que poida cambiar o humor das persoas? Intentémolo e vexamos o que pasa.
- ¿Esta tamén pode ser considerada unha novela de aventuras e superheroes que salvan a Terra? Probemos a buscar datos que avalen esta idea.
- ¿E se a considerasemos unha novela de científicos tolos? Primeiro teremos que demostrar que podería verse así e, a continuación, imaxinala en cine, pensando que actores poderían realizar os papeis, etc.
- Observemos os personaxes que aparecen na Casa Branca, quen son e o que fan. Podemos realizar o seu retrato tal e como se fai con Wonka e a familia de Charlie

# actividades

ao principio da novela. Logo, podemos buscar datos acerca do presidente dos Estados Unidos actual e o seu gabinete.

- Na fábrica de chocolate do señor Wonka vimos moitas cousas fantásticas. ¿Ocorresenos algo máis?
- Describamos un percorrido polo espazo e outro polo laboratorio a modo de relato de ciencia ficción.
- Preguntémonos cal dos personaxes nos resulta máis maduro e responsable. Vexamos con cal deles se identifica cada un de nós.
- Realicemos un debate acerca do que opinamos sobre as investigacións do señor Wonka, se nos parecen axeitadas ou non... Relacionémolas con outras investigacións que se están realizando neste momento con seres vivos e opinemos ao respecto.
- Escribamos un relato, protagonizado por nós, e que se desenvolva no espazo.
- Inventemos un hotel fantástico nun lugar moi especial. Poderemos adxuntar planos e croquis, retratos dos empregados cos seus uniformes, debuxos para ilustrar o relato...
- Ás veces, o relato sitúanos nunha especie de mundo ao revés como cando os fillos han de criar aos pais. Non obstante, non deixa de ser certo que cando os pais son moi maiores tanto os fillos como os netos coidan deles. Busquemos algún libro sobre a relación entre avós e netos como *Un pasito, otro pasito*. Falemos dos coidados aos máis débiles.
- Pensemos nos monstros que coñezamos a través de narracións ou de películas. Realicemos, entre todos, un animalario con debuxos e descricións de cada un deles. Logo estaremos en condicións de crear o noso propio monstro, con todo luxo de detalles. Intentemos que sexa «algo nunca visto».
- No último capítulo o presidente dos Estados Unidos escíbelle ao señor Wonka. Pensemos en posibles cartas de resposta.
- Contestemos:
  - ¿A que nos soa o nome deste presidente?
  - ¿Hai algún outro nome que vos lembre algo ou que poderíades relacionar con algo?

# actividades

## Despois da lectura

---

- Pasemos a cómic este relato de Roald Dahl. Podemos distribuílo por capítulos, de xeito que cada un deles lle corresponda a un equipo, ou encargarlo todo el ao mesmo grupo de traballo.
- Pensemos en como realizaríamos a película deste relato.
- Observemos as ilustracións e escollamos aquela que máis nos guste.
- Realicemos unha busca en internet para conseguir imaxes da película *Charlie e a fábrica de chocolate*.
- Entremos na páxina [www.roalddalh.com](http://www.roalddalh.com) e divertirémonos coñecendo máis a este autor e a súa obra.
- Busquemos outras obras de Roald Dahl e aproveitemos para lelas.
- Continuemos a historia aí onde o autor a deixou.



**Pedidos a:**

**Comercial Grupo Anaya  
Polígono de Bergondo  
1ª Travesía - Parcela B1  
15.165 Bergondo (A Coruña)  
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

**XERAIS**

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo  
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
Telefax: (986) 20 13 66  
Correo electrónico: xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.es/>**

**EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA**



© Pilar Sampedro Martínez, 2005  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005  
Depósito legal: VG. 1180-2005